

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 30 DE XANEIRO DE 2014.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)
Dª María del Pilar Peón Iglesias (PSdeG-PSOE)
D. Luis Rodríguez Vázquez (PSdeG-PSOE)
Dª María Jesús Penela Mato (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)
Dª Marta López Arines (PP)
D. Luis Juan Arceo López (PP)
D. Manuel Asorey Suárez (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

INTERVENTORA XERAL

Dona Isabel Pernas Sánchez

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e cinco minutos, reúñense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declarase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1.- MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE MUNICIPAL NO GDR TERRAS DO DEZA

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

A comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia, en sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2014, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

5.- MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE MUNICIPAL NO GDR TERRAS DO DEZA.

Procede o secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O pleno en sesión extraordinaria celebrada o 8 de xullo de 2011 acordou nomear como representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do Pleno, ao Alcalde ou Alcaldesa que ostente o cargo en cada momento, con excepción dos Consellos Escolares onde a representación da Corporación corresponderá ao concelleiro titular da área de educación.

Vistos os cambios no grupo de goberno é polo que propoño á Comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia emita dictame sobre a seguinte proposta:

Primeiro.- Nomear como representante do Concello de Silleda no GDR TERRAS DO DEZA a Dona Pilar Peón Iglesias, e como suplente a Don Klaus Brey Montaña.

Segundo.- Déase traslado do presente acordo ao GDR TERRAS DO DEZA

Intervén o Sr. Presidente quen dí que o Alcalde non pode estar en todos os sitios polo que propón á concelleira Dona Pilar Peón Iglesias quen ademais ten experiencia.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen pregunta ao secretario se é obrigatorio que a designación recaia nun membro do grupo de goberno ao que o secretario resposta que a representación ordinaria do concello recae no alcalde, pero que a designación de membros en órganos colexiados faise por acordo plenario, polo que terá que ver se os estatutos do GDR TERRAS DO DEZA prevén a alguén determinado.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que falla na proposta argumentación do porqué deste nomeamento ao que o alcalde dí que llo respostou agora na comisión.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuíña Fernández, Peón Iglesias e Brey Montaña (3) e coa abstención dos Srs Espiño Espantoso, Penela Mato, Asorey Suárez e Rodríguez da Torre (4), en consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da Alcaldía sobre a modificación do representante municipal no GDR TERRAS DO DEZA nos termos en que foi redactada a proposta.”.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que esta proposta ven porque o Alcalde non pode estar en todos os sitios e que propoñe á Sra. Peón Iglesias xa que é unha persoa cualificada e que participou no GDR na comisión e na elaboración dos estatutos ademais de ser membro directivo.

Pregunta o Sr. Espiño Espantoso ao Secretario sobre as dúbidas na comisión informativa.

Intervén o Sr. Rdriguez da Torre dicindo que a proposta non ven motivada e que estas deben estar argumentadas independentemente que hoxe fixera un velatorio dos méritos da concelleira a quen se propón. Que en todo caso o BNG ten unha proposta alternativa e que se prón el mesmo para actuar como representante. Dí que o Concello de Silleda sendo o segundo concello da comarca do Deza é un dos menos beneficiados, que en moitos destes proxectos foron eles quenes propuxeron proxectos cos veciños e que no GDR se necesitas voces críticas e aportacións constructivas.

O Alcalde dalle a palabra ao secretario quen da lectura ao seu informe de 29 de xaneiro de 2014 e que é o seguinte:

"INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Competencia designación membros órganos colexiados.

O artigo 7.1 dos Estatutos da Asociación de desenvolvemento rural TERRAS DO DEZA establecen para os asociaciados que deben achegar u acordo do órgano competente da persoa titular e da suplente que a representará na asociación.

Así o artigo 38.3 do ROF establece que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva, o Alcalde convocará sesión do pleno para o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colegiados que sexan da competencia do pleno. Serios problemas proteou o armonizar dun lado a representación do Concelelo que ao Alcalde corresponde e a atribución ao pleno da designación de representantes. Sostívose que é ao Alcalde a quen lle corresponde nomear a estes representantes, a confusión está servida no último epígrafe do artigo lido ao establecer que sexan competencia do pleno, engadido a última hora por vía de corrección de errores, que ilo é así o accredita o que o alcalde de Madrid nomeara por Decreto aos representantes do Concello na Caixa de Aforros de Madrid nun principio. De feito a práctica de nomear toda clase de representacións por acordo plenario estase a imponer e afectou a xa ás decisións dos tribunais, por ilo o engadido competencia do pleno máis que aclarar veu a perturbar. Actualmente coa modificación da Lei 7/1985, pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local dita competencia atribúese á Xunta de Goberno Local nos municipios de grande población polo que a competencia nos restantes municipios como é o caso do Concello de Silleda estaría residenciada no pleno. En canto ao nomeamento non debe respostar ao principio de proporcionalidade que só afecta á composición das comisións informativas.

Pronunciamento da parte dispositiva:

Ainda que o artigo é confuso na súa redacción pola adición "competencias do pleno" enténdese que a designación de membros en órganos colexiados debe ser adoptada polo Pleno, cuestión agora clarificada ao meu entender pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local que atribúe dita competencia á Xunta de Goberno Local nos municipios de grande población. Asimesmo pode ser designado calquera concelleiro."

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa expuxera que pode nomearse a calquera concelleiro, que se non estaba motivada a proposta xa se motivou na comisión e agora no pleno e que procurará que as propostas veñan o máis motivadas posibles, en relación á candidatura do Sr. Rodríguez da Torre dí que lle sorprende que xa lle dirá a quien vai a representar xa que non ten capacidade de decisión sobre determinadas partidas.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que xa que se pode nomear a calquera concelleiro lémballe ao Alcalde que está en minoría e que eles non lle están a facer o xogo a ninguén.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que o BNG preséntase porque ten dereito, que a experiencia demostrou que se lle concederon proxectos productivos e non productivos a concellos como Lalín ou Vila de Cruces pero que a Silleda nada.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que da a impresión que ninguén fai nada nin defende nada e que ten que vir o BNG para que se faga algo.

O alcalde pregunta se hai propostas e o BNG dí que eles sí teñen unha ao que o Alcalde dí que na proposta ten que figurar un suplente e dado que non o hai non se prode proceder a votar esa proposta. Preguntado ao secretario este únicamente dí que se cingue ao seu informe.

Por parte do Sr. Alcalde sométese a votación a proposta da Alcaldía que é votada favorablemente polos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6), e os votos en contra dos membros dos grupos municipais do PP e grupo mixto (7), en consecuencia queda rexeitada a proposta da Alcaldía.

Dilixencia: Para facer constar que o concelleiro do BNG solicita que se someta a súa proposta a votación sendo esta petición denegada polo Sr. Alcalde ao entender que a mesma non procede ao carecer de suplente, chamando á orde ao concelleiro do BNG por interrumpilo.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO CONSELLO SECTORIAL DE DEPORTES.

Procede o secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

A comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia, en sesión ordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2014, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONSELLO SECTORIAL DE DEPORTES.

Pregunta o Sr. Presidente se hai algunha intervención.

O Sr. Rodríguez da Torre dí que se procuren realizar as xuntanzas e dí que hai un erro na orde do día xa que non é consello sectorial senón municipal.

Sometida a proposta a votación esta é apreciada por unanimidade, en consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta da alcaldía sobre a aprobación do consello municipal de deportes nos termos en que foi redactada e que son os seguintes:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O 16 de setembro de 2013 celebrouse a seguinte sesión:

"ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES, CELEBRADA NA SALA -C- DA CASA DA CULTURA DE SILLEDA, O DÍA 16 DE SETEMBRO DE 2013, COA ASISTENCIA DAS PERSOAS, EN REPRESENTACIÓN DAS ASOCIACIÓNIS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN, PREVIA CONVOCATORIA CURSADA AO EFECTO:

- Representante da Sociedade Deportiva Fútbol Club Silleda : D. José Antonio González Iglesias e Suplente: D. Luís González Currás.
- Representante da Sociedade Deportiva da Bandeira: D. Diego Brey Taboada e Suplente: D. Xosé Manuel Espiño Fernández.
- Representante do Club Petanca da Bandeira: D. Luís Espiño Fernández e Suplente: D. Manuel García Creo.
- Representante do Club Fútbol de Laro: D. Manuel Gil Castro e Suplente: Dona María Gil Fernández.
- Representante de DEZARCO: D. Manel Fernández Fraíz e Suplente: D. José Manuel Rodríguez Molina.
- Representante do Club Fútbol Lamela: D. José Luís Padín Bascuas e Suplente: D. Ramiro Camanzo Rey.
- Representante do Club Xadrez Ágora: D. Mario Iglesias Barreiro e Suplente: Luís Cejo Ferreiro.
- Representante do Club Deportivo TOXARCO: D. Carlos Silva García e Suplente: D. José Cándido García Golmar.
- Representante da Escola de Fútbol de Silleda: Dona Encarna Vázquez Sueiro e Suplente: D. Sen Rodríguez Tallón.
- Representante do Goberno Municipal: Dona María do Pilar Peón Iglesias, próxima Concelleira de Educación, Sanidade, Emprego, Participación Cidadá e Persoal.
- Representante do Goberno Municipal: D. Klaus Brey Montaña, Concelleiro de Medio Rural, Servizos, Deporte e Mocidade, que neste acto escusa a súa asistencia por

un motivo urgente, atender unha emerxencia inesperada da súa competencia e responsabilidade.

- Representante da Administración Municipal: D. Xosé Ramón Vázquez Barcala, traballador no Departamento de Cultura.

Sendo as 20:30 horas pola Sr. Representante do Goberno Municipal e na súa condición de futura Concelleira de Participación Cidadá levanta a Sesión, indicándolles a tódolos presentes a importancia de que as Asociacións estean debidamente legalizadas e inscritas nos Organismos competentes e o Consello que se vai a constituir está aberto a futuras incorporacións, así como que é moi necesario na actualidade traballar conxuntamente, coordinarse e estar en comunicación para apoiarse, xuntar esforzos e compartir iniciativas, ao respecto asume a responsabilidade de enviarllas, canto antes, os teléfonos e os correos electrónicos dunhas Asociacións ás outras, coa finalidade de que se poidan intercambiar os plans e actividades de cada unha, elo e moi importante xa que se terá coñecemento das Programacións individuais de cada cal e non se repetirán actos e actividades que confunden e privan a asistencia do público, suxírese tamén que se estude a posibilidade de usar a web do Concello para anunciar actividades de interese xeral.

Así mesmo, acórdase que en datas sinaladas, como o Nadal, o Entroido, Festas.....se programen e realicen actividades conxuntas, para o cal xa se poden ir achegando iniciativas e ideas, poñelas en común e tomar as decisións pertinentes para un mellor aproveitamento das potencialidades de cada Asociación, e sen máis, pásase a elección do Consello Municipal de Deportes tendo en conta que, neste caso, a Sra. futura Concelleira de Participación Cidadá e o representante dos traballadores do Concello non votan.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES:

Presidente: D. Klaus Brey Montaña

Vicepresidenta: Dona Encarna Vázquez Sueiro

Secretario: Ramón Vázquez Barcala

Vogais:

- Dona M^a do Pilar Peón Iglesias
- D. José Antonio González Iglesias
- D. Diego Brey Taboada
- D. Luís Espiño Fernández
- D. Manuel Gil Castro
- D. Manel Fernández Fraíz
- D. José Luís Padín Bascuas
- D. Mario Iglesias Barreiro
- D. Carlos Silva García
- ..."

Visto o artigo 39 do Regulamento de participación cidadá que establece que a composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos consellos sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario é polo que propoño á comisión informativa de cultura, turismo, educación, participación cidadá, deportes, mocidade e infancia emitir dictame favorable sobre a seguinte proposta:

Primeiro.- Declarar constituido o Consello Municipal de Deportes.

Segundo: Composición:

Presidente: D. Klaus Brey Montaña

Vicepresidenta: Dona Encarna Vázquez Sueiro

Secretario: Ramón Vázquez Barcala

Vogais:

- Dona M^a do Pilar Peón Iglesias
- D. José Antonio González Iglesias
- D. Diego Brey Taboada
- D. Luís Espiño Fernández
- D. Manuel Gil Castro
- D. Manel Fernández Fraíz
- D. José Luís Padín Bascuas
- D. Mario Iglesias Barreiro
- D. Carlos Silva García

Terceiro: Deberá elaborarse un regulamento interno para a súa aprobación polo pleno do concello.”.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que facía moita falla conseguir un foro de debate dos colectivos, e anima a que se acaben concretando o resto dos consellos que faltan como o de turismo por citar un exemplo ou o consello económico-social.

Sometida a proposta a votación esta é apreciada por unanimidade. En consecuencia queda aprobada a proposta da Alcaldía de Composición do Consello Municipal de Deportes nos termos en que foi presentada.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBIERNO.

3º.- MOCIONES

3.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE, CON MOTIVO DO ANTEPROYECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBIERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEGISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO

Intervén a Sra. García Troitiño que este anteproyecto considera o aborto como ul delito, despenalizado só nos supostos de violación e grave perigo para a vida ou a saúde da muller, ou por danos psicolóxicos e neste caso limitado a 22 semanas, que desaparen os supostos de malformacións ou problemas de saúde que xa non serán supostos, que o seu grupo e ela como muller non queren que decidan por ela e que lle parece absurdo o procedemento que se establece. Remata pedíndolle a todas as mulleres que o seu voto sexa libre e en conciencia xa que esta anteproyecto atenta contra a liberdade e contra as mulleres e procede á lectura da parte dispositiva.

O texto da moción é o seguinte:

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SILLEDA CON MOTIVO DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA POLO QUE O GOBIERNO DE ESPAÑA PRETENDE REVISAR A LEXISLACIÓN VIXENTE EN ESPAÑA SOBRE SAÚDE SEXUAL E REPRODUTIVA E INTERRUPCIÓN VOLUNTARIA DO EMBARAZO

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** ca seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, recolle a garantía dos dereitos fundamentais no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, regula as condicións da interrupción voluntaria do embarazo e establece as correspondentes obrigacións dos poderes públicos.

No seu texto, declárase o dereito de todas as persoas a adoptar libremente decisións que afectan á súa vida sexual e reprodutiva, sen máis límites que os derivados do respecto aos dereitos das demais persoas e á orde pública garantido pola Constitución e as Leis, e recoñécese o dereito á maternidade libremente decidido o que implica non só recoñecer ás mulleres a capacidade de decisión sobre o seu embarazo, senón tamén que esa decisión, consciente e responsable, sexa respectada.

A Lei, que veu substituír a unha regulación que vinte e cinco anos atrás supuxera un avance na protección das mulleres, foi elaborada, debatida e aprobada desde o consenso coa gran maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria, tras o traballo en sede parlamentaria dunha Subcomisión na Comisión de Igualdade na que se contou coa participación dunha trentena de expertos e considerando as recomendacións de expertos xuristas e profesionais da bioética e a sanidade. Ademais, reforzou a seguridade xurídica na regulación da interrupción voluntaria do embarazo e incorporou a xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos así como distintos pronunciamentos, en forma de conclusións e recomendacións, do Consello de Estado e organismos internacionais de Nacións Unidas, da Organización Mundial da Saúde, do Consello de Europa e da Unión Europea.

O Goberno anunciou unha revisión desta lexislación que representaría un extraordinario retroceso normativo, social e ideolóxico e volvería situar ás mulleres españolas na clandestinidade, suprimindo o seu dereito a decidir responsable, consciente e libremente sobre a súa sexualidade e maternidade, e afectando á súa seguridade xurídica e á dos profesionais do noso sistema de saúde, así como á garantía no acceso ás correspondentes prestacións sanitarias.

Neste sentido, o 20 de decembro de 2013 presentouse no Consello de Ministros un Anteproxecto de Lei Orgánica cuxo contido confirmou, e tristemente superou, as peores conjecturas acerca dos seus desastrosos efectos sobre a liberdade e os dereitos das mulleres.

Co Anteproxecto aprobado polo Goberno suprímese odereito das mulleres a interromper o seu embarazo no primeiros catorce semanas, considerándose como delito despenalizado só nos supostos de violación e "grave perigo para a vida ou a saúde" da muller, privando a esta do seu dereito a decidir sobre a súa maternidade. Suprímese tamén, por tanto, o suposto de malformacións ou anomalías fetais incompatibles coa vida, que tiña xustificado a interrupción do embarazo dende os anos setenta do século pasado.

Esta norma non só suporá un grave retroceso de máis de trinta anos para a lexislación española neste ámbito, e o incumprimento de compromisos internacionais en materia de dereitos sexuais e reprodutivos e de liberdade das mulleres a decidir sobre a súa maternidade, senón que situaría a España como unha excepción en toda Europa, onde nos últimos anos ningún país lexislara cara atrás nesta materia, mentres que as mulleres españolas sufrirán ese retroceso despois de contar cunha das lexislacións más avanzadas, más seguras, con maiores efectos na prevención de embarazos non desexados e que conseguira reducir o número de abortos no último ano.

Esta normativa provocou un enorme rexitamento social da cidadanía española e europea, das organizacións sociais, profesionais e feministas, e ademais motivo u a aparición de declaracíons de membros do seu propio partido, incluídas as dalgunhas mulleres que ocupan cargos públicos, discrepando do seu contido, e a crítica de dirixentes e medios de comunicación no estranxeiro, onde só cultivo u a felicitación de formacións políticas de extrema dereita doutros países.

Por estas razóns, proponse ao Pleno do Concello de Silleda a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a retirar inmediatamente e a non continuar ca tramitación do "Anteproxecto de Lei Orgánica polo que pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo."

Aprobada esta moción darase traslado da mesma ós grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados.".

Intervén o Sr. Espiño Espantoso que dí que esta moción está chegando tarde, que xa afora debatida polo BNG. Que o seu grupo tivo un debate e que non comparten o texto do anteproyecto e que coidan que ao tratarse só dun anteproxecto será correxido para o cal ainda se está a tempo.

Intervén Sr. Rodríguez da Torre dicindo que eles xa se adiantaron que van apoiar esta moción, que o PP está cheo de fachas e un deles é Gallardón, asimesmo propón unha emenda de engádega como punto 2º:

"Promover e socializar dende o concello de Silleda actividades para o coñecemento das relacións afectivo-sexuais e das libertades reproductivas e colocar específicamente unha faixa principal da Casa do Concello de Silleda coa seguinte lenda: "Polo dereito das mulleres a decidir. Aborto Libre e gratuito".

Pregunta o Alcalde cando se retiraría esa faixa, ao que o Sr. Rodríguez da Torre dí que ata que se recollan os supostos actuais.

Intervén a Sra. García Troitiño que dí que o da faixa na fachada non o ten claro.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que en Pontevedra teñan chamadas para que a retiren.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se reira ese punto 2º aceptarán a moción.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí a faixa é a título reivindicativo.

Sometida a emenda a votación e cos votos favorables do grupo mixto (1), 6 abstencións dos membros do PSdeG-PSOE (6) e 6 votos en contra dos membros do grupo municipal do PP, queda rexeitada a emenda.

Sometida a moción a votación na súa versión orixinal e cos votos favorables dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e as abstencións dos mebros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do PSdeG-PSOE, con motivo do anteproxecto de lei orgánica polo que o goberno de España pretende revisar a lexislación vixente en España sobre saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo nos termos en que foi presentada.

3.2.- MOCIÓN DO BNG PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA E PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO VITAL.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que o día 24 xa se teñen realizado actividades diversas, que sempre as convocan a Asociación de Escritores de Lengua Galega. Que o que procura con esta moción é que o pleno declare o día 24 de febreiro como día de Rosalía que xa se fixera mediante acordo da Xunta de Goberno Local ademáis de realizar unha serie de actividades conmemorativas.

O texto da Moción é o seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA PRESENTA AO PLENO DA CORPORACIÓN A SEGUINTE MOCIÓN: PARA DECLARAR O 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA E PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA SÚA OBRA E DO SEU COMPROMISO VITAL

Exposición de motivos

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos*, o primeiro escrito integralmente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafía a sociedade do seu tempo a través dun discurso comprometida coa súa terra, coas súas xentes e coa súa lingua.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumió a voz do seu pobo, unha voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeuidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras e escritores más destacadas/os da literatura universal de todos os tempos. Por outra parte, existen novas lecturas e novos descubrimentos quer a respecto do conxunto da súa obra quer sobre a propia figura da nosa autora e o seu papel socio-histórico que paga a pena coñecer e difundir. E houbo, asemade, nos últimos tempos, unha importante reactualización da súa obra que volveu ser actualizada a través de diferentes formatos e expresións culturais (música, teatro, literatura, danza ...).

Por todos estes motivos, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións más novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos más eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

De maneira inexplicábel, a Consellería de Cultura non recolle, para o ano 2014, o 24 de febreiro como Día de Rosalía no seu Calendario do Libro e da Lectura, como viña sendo habitual, un feito que queremos denunciar e que só se pode enmarcar no intento de ocultar a figura dunha Rosalía viva, radical, culta e comprometida que hoxe grandes sectores da poboación coñecen e admiran.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega /AELG), propoñemos ao Pleno Municipal de Silleda o seguinte

ACORDO

- Declarar por parte da Corporación Municipal de Silleda en sesión plenaria o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
- Solicitar da Xunta de Galiza que recupere a incorporación do Día de Rosalía ao seu Calendario do Libro e da Lectura.

- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen o conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro. Entre estas actividades, estarán as de pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffitis, murais ...
- Realizar unha lectura pública da obra rosa liana nun lugar destacado do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.
- Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso que dí que están dacordo xa que é unha das más grandes poetisas galegas do século XIX.

Intervén a Sra. Campos Espiño, dí que están dacordo, que xa están a programar actividades para o día 24 e que están en coordinación con centros e cos veciños para que colaboren na promoción.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que o que se pretende dende a asociación de escritores en lengua galega é homoxeneizar en todo o país os actos.

Sometida a moción a votación esta é apreciada por unanimidade. En consecuencia queda aprobada a moción do BNG para declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía e para realizar actividades que promovan o coñecemento da súa obra e do seu compromiso vital, nos termos en que foi presentada.

3.3.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNIS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que queren esquilmar aos autónomos e pequenos empresarios con estas medidas tributarias e que dita medida pode agravar a situación de desemprego, que o que hai que facer é colaborar todos na sociedade e non agravar a situación dos autónomos.

O texto da moción é o seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN CONTRA A SUBA NAS TRIBUTACIÓNIS DAS PERSOAS AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das

empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno ven de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no Último ano (así como as persoas traballadoras autónomas incluídas neste réxime especial ao amparo do que establece a disposición adicional vixésimo séptima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social), que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a quemicroempresas destas características contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo en sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizaciéns serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuir a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Oaliza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencia para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por

asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG no Concello de Silleda, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a calquera suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.
2. Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas lexislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.
3. Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego.”

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que os partidos collen unha moción xenérica e a envían aos concellos e que cré que non é o cauce axeitado isto de demandar ao Estado. Que sabe que é un prato de mal gusto pero que a herdanza que hai é a que é e que hai que adoptar este tipo de medidas paro minguar o paro tal e como está acontecendo.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que él como autónomo está dacordo coa moción, que sempre foron os más esquilados e que lles sacaron ata o dereito a enfermar e que nunca o pasaron tan mal como agora. Dí que deben levantar a voz ainda que ista non sexa unha competencia municipal.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen reitera a falla de financiamento para estes colectivos, que iste é un foro de debate político e que están para iso.

Sometida a moción a votación e cos votos a favor

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e grupo mixto (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG contra a suba nas tributacións das persoas autónomas e pequenas empresas nos termos en que foi presentada.

3.4.- MOCIÓN DO BNG PARA ACATAR UNHA METODOLOXÍA FORMAL PARA UNHA BAREMACIÓN QUE PERMITA A SELECCIÓN DO PERSONAL DEMANDANTE DE EMPREGO INSCRITO NA BOLSA MUNICIPAL SILLEDA EMPREGA.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que esta moción ten un ánimo constructivo, que no seu día se creou unha bolsa de emprego e que é moito millor que esas anotadas no INEM ou no Servizo Galego de Colocación, que as bolsas de emprego son unha ferramenta importante na vertente pública e un lugar de encontro de masa laboral para a empresa privada e que a labor da administración é garantir unha igualdade de oportunidades. Prode á lectura da parte dispositiva da moción que literalmente é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO ACREDITADO POLO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO DA CORPORACIÓN A SEGUINTE MOCIÓN PARA ACATAR UNHA METODOLOXÍA FORMAL PARA UNHA BAREMACIÓN QUE PERMITA A SELECCIÓN DO PERSOAL DEMANDANTE DE EMPREGO INSCRITO NA BOLSA MUNICIPAL SILLEDA EMPREGA

Exposición de motivos

O BNG de Silleda considerou un acerto, pois así o levaba no seu propio programa de governo de hai dous anos, o establecemento dunha bolsa de emprego municipal para realizar un labor de mediación na demanda real de emprego no Concello e de divulgación das posíbeis ofertas de traballo e demandantes en Silleda. Sempre advertiu o BNG como esta bolsa tiña que funcionar con perfís claros e currículos vitae operativos e funcionais para facilitarle o acceso a posíbeis ofertas da administración e das empresas @s demandantes de emprego.

Pasado o tempo e logo das primeiras advertencias realizadas, séguense a observar as seguintes eivas, que co paso da Lexislatura, se observan como unha xestión interesada ao xestionar unha bolsa pública, sen a orde e os criterios de selección que toda bolsa da administración pública debe ter:

1.- Unha vez realizados os perfís de cada demandante de emprego, completando así o seu currículum, non se fai unha orde por méritos, seguindo uns criterios básicos e obxectivos que faciliten unha lista pública e baremada para as substitucións ouinterinidades no Concello, deixando ao dispor do Concelleiro de turno a avaliación dos currículos, o que pode acabar por desembocar en favoritismo na escolla do persoal.

2.- Do mesmo xeito cando se produce unha oferta e solicitude de información por parte dunha empresa, descoñécese que a información trasladada obedece aos méritos d@s inscrit@s ou a unha escolla subxectiva do persoal proposto pola adiministración pública, e que entón pode acabar por se relacionar tamén con afinidades persoais e/ou políticas partidarias.

Para o BNG de Silleda o establecemento dunha bolsa pública é algo más serio cá promoción números ou estatísticas que logo non se cumplen desde a súa base, ao existir a posibilidade de non haber imparcialidade na elección dos candidatos a traballar, cousa que durante esta lexislatura se leva demostrado, especialmente nas tempadas nas que hai que cubrir baixas e vacacións no Concello, pois unha vez

conformada a listaxe de xeito aparentemente correcto en setembro de 2011, todos estes criterios para facer eleccións que garantisen a igualdade de oportunidades brillaron pala súa ausencia, incluíndo case sempre para os postos públicos ou mesmo as suxestións á empresa privada, os mesmos grupos. O que pode interpretarse ao ollo dos cidadáns como unha utilización dos mecanismos do poder de xeito interesado.

Por todo o exposto, propoñemos que a Corporación do Pleno Municipal do Concello de Silleda adopte o seguinte

ACORDO

Proceder a efectuar para a baremación que dea pé á selección do persoal demandante de emprego inscrito na Bolsa municipal Silleda Emprega unha metodoloxía formal baseada, cando menos, nos seguintes criterios de igualdade de oportunidades:

1.- Ao igual que na Xunta de Galiza coas súas listaxes públicas, o Concello pase a ter uns criterios claros aprobados para ordenar as listaxes públicas cos perfís dos demandantes por cada sector laboral que se considere, aplicando criterios correctores de tempo de desemprego, cargas familiares, etc., para que deste xeito todos os movementos de traballo habidos no Concello que inflúan nos integrantes da bolsa de emprego poidan ter orde: estar baremados, con acceso e información pública e rnesmo coa existencia das ofertas informadas con antelación cando sexa posible (caso de vacacións do persoal ou ofertas de traballo ou petición de datos por parte de empresas, etc.).

2.- Dar á Bolsa Silleda Emprega a publicidade necesaria, pois logo da sua creación tamén precisa un novo empurrón por causa do maior número de desempregados na actualidade, que no propio Trasdeza xa superan os 600, o que redundará nun maior beneficio para a ciudadanía en un control serio, rigoroso e exhaustivo da bolsa e tanto por parte da administración e os propios administrados interesados.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que están dacordo e que teñen tido queixas de que sempre se contrata á mesma xente.

Intervén a Sra. Peón Iglesias que dí que lle chama a atención do descoñecemento da bolsa de emprego e do seu funcionamento. Dí que na bolsa de emprego de Silleda hai 700 persoas das cales 600 son de Silleda, que permanentemente se está a enviar aos veciños para que actualicen os perfís. Remata dicindo que neste concello aprobase no plan de axuste non contratar a ningún para vacantes e baixas.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que as ofertas de emprego se publicitan e que cando un empresario lles solicita persoal fan a publicitación.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que para a cobertura de baixas necesítase unha listaxe pública o que non se pode facer é vender favores coa contratación (cita o caso da Fndación da Semana Verde).

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que lle parece grave a acusación do BNG ademáis de faltarle ao respecto a unha empresa privada, que o seu grupo sempre apoiará ás empresas. Con respecto á intervención do voceiro do PP dí que o único que contrata aos mesmos traballadores é o PP xa que esas contratacóns non as fai o concello.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables dos membros do grupo mixto e do PP (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6) queda aprobada a moción do BNG para acadar unha metodoloxía formal para unha baremación que permita a selección do persoal demandante de emprego inscrito na bolsa municipal silleda emprega, nos termos en que foi presentada.

3.5.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE A APLICACIÓN DA REFORMA DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN.

Intervén o Sr. Brey Montaña quen dí que esta moción vai dirixida a defender aos agricultores e gandeiros, procedendo á lectura da parte dispositiva da moción que é a seguinte:

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE de Silleda, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a "**APLICACIÓN DA REFORMA DA POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA (PAC)**", con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez aprobada a Reforma da PAC para o período 2014-2020 no marco comunitario, este deixou aberto para que sexa o estado membro quen na negociación, no caso español coas distintas comunidades autónomas, faga unha distribución dos fondos o máis axeitada e acorde posible coa realidade produtiva e social existente. Este é un feito histórico que sen dúbida debería servir e así o manifesta a filosofía da norma europea para corrixir os desaxustes que neste momento poidan existir dentro dos propios países.

Nese proceso é no que nos atopamos inmersos a nivel do estado e no que Galicia como comunidade onde o sector agrario ten un peso moi importante, debería ter unha posición de defensa dos intereses dos nosos agricultores/as e qandeiros/as de cara a que estes poidan ter as mesmas oportunidades de competencia cos veciños europeos, posto que a igual producción se existen produtores más primados por este tipo de axudas que outros, estes terán maior posibilidade de competir vía prezo de venta do produto.

Ata o momento celebráronse dúas sectoriais dos responsables de agricultura e medio rural das distintas comunidades autónomas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente de cara elaborar a normativa reguladora da PAC para os vindeiros 7 anos. A primeira o 24 de xullo do ano 2013 e por último a celebrada os días 20 e 21 de xaneiro de 2014.

Galicia, a través da Conselleira do Medio Rural e do Mar, acudiu as dúas reunións sen unha posición de defensa clara e sen uns obxectivos mínimos a acadar en dita negociación. Rexeitou un acordo co sector, e tamén un acordo cos grupos políticos no marco parlamentario. Unha das poucas comunidades autónomas, e a única onde o peso destas axudas é significativo, que non levaba detrás da conselleirado correspondente unha posición común do seu parlamento autonómico de respaldo para abordar a negociación.

O PSdeG-PSOE, ofertou e segue ofertando ese acordo que baixo o noso punto de vista nos parece fundamental de cara a ter unhas mínimas garantías de éxito no proceso negociador. E neste sentido seguirá intentando, no ámbito parlamentario a través de iniciativas, acadalo.

Un acordo que defenda a singularidade das producións galegas, e do modelo de producción que se da no noso país. Que corrixa a marxinación que os nosos produtores/as teñen a día de hoxe na percepción destas axudas por estar baseadas en dereitos históricos que non se adaptan a nosa realidade actual.

Galicia polo tanto tanto tiña e debería seguir tendo moitos argumentos para poder mellorar as percepcións que había en períodos anteriores, por iso resulta inaudito e de todos xeitos incomprensible que a Xunta de Galicia aborde esta negociación coa única expectativa de "non perder demasiado".

Hai outras comunidades que foron as sectoriais con unhas demandas claras, concretas, argumentadas e cuantificadas dos fondos que eslxían. e polo resultado das dúas primeiras reunións vemos que é bastante máis efectivo que a estratexia levada a cabo pola Consellería de Medio Rural.

De non acadar unha PAC que verdadeiramente chegue aos produtores e a aqueles que xeran emprego no noso mundo rural, estaremos desperdiциando unha ocasión única de dar viabilidade a miles de explotacións, e tamén en certo sentido estaremos deslexitmando socialmente estas axudas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Silleda, dado a importancia que o sector agrario representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que na normativa para a aplicación da Reforma da PAC para o período 2014-2020 no que se refire ás axudas directas aos produtores (1º piar), se recolla:

1. Unha normativa que teña en conta as especias características das producións galegas, con un déficit histórico de percepción de axudas, e con moi pouca base territorial e poucas hectáreas declaradas. Para o cal se estableza un pago por hectárea

que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axuda as primeiras 24 hectáreas declaradas.

2. Que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisitos de acceso ás axudas, de xeito que se garantan a percepción de axudas a ocupados realmente na actividade agraria. Cando menos que a percepción de ingresos de agricultura ou gandería represente o 25% dos ingresos totais.
3. Que se estableza un tope maxirno na percepción das axudas da PAC por explotación, que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 euros.
4. Que se estableza un acoutamento na definición de hectárea admisible con un criterio de corte produtivo real, baseado nas medias estandarizadas de produción.
5. Que os sectores gandeiros, palas especiais características que teñen de moi escasa base territorial, teñan un trata mento singularizado a través das axudas acopladas.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen insiste no que dixo antes que esta é copia dunha moción que xa foi debatida no parlamento e votada.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre que dí que Galiza viña percibindo un 3% das axudas da PAC pero que significamos o 6% do PIB, que a política que se está a seguir beneficia aos grandes terratenientes. Que Silleda é un concello agrario e que hai que apoiar á xente. Asimesmo presenta unha emenda na que se engaden 2 puntos:

- “6. Que a definición dos activos agrarios, os preceptores dos pagos, vaian dirixidos á persoas físicas ou xurídicas cuxa renda se derive nun 50% da agricultura ou gandaría e que o 50% do seu tempo laboral sexa dedicado a esta actividade.
7. Que as axudas da PAC que perciban @s labregr@s Galeg@s representen, cando menos, as procentaxes correspondentes ao 6% do Producto Interior Bruto ou o 8% do emprego agrario que Galiza significa a nivel do Estado.”.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está dacordo coa moción e a emenda e que en Lalín levaron unha moción similar e que apoiou o PP.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso en quenda de réplica para dicirlle ao Alcalde que non tergiverse que a moción de Lalín non é parecida a esta e que isto foi debatido no parlamento de Galicia.

Sometida a emenda a votación obtense o seguinte resultado

Votos a favor (7): Membros do PSdeG-PSOE e grupo mixto
Votos en contra (6): Membros do grupo municipal do PP

Sometida a moción emendadada obtense o seguinte resultado:

Votos a favor (7): Membros do PSdeG-PSOE e grupo mixto

Votos en contra (6): Membros do grupo municipal do PP

En consecuencia queda aprobada a moción do PSdeG-PSOE sobre a aplicación da reforma da política agraria común que queda redactada do seguinte xeito:

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE de Silleda, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais e demás normativa de aplicación, presenta **MOCIÓN** relativa a "**APLICACIÓN DA REFORMA DA POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA (PAC)**", con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez aprobada a Reforma da PAC para o período 2014-2020 no marco comunitario, este deixou aberto para que sexa o estado membro quen na negociación, no caso español coas distintas comunidades autónomas, faga unha distribución dos fondos o máis axeitada e acorde posible coa realidade produtiva e social existente. Este é un feito histórico que sen dúbida debería servir e así o manifiesta a filosofía da norma europea para corrixir os desaxustes que neste momento poidan existir dentro dos propios países.

Nese proceso é no que nos atopamos inmersos a nivel do estado e no que Galicia como comunidade onde o sector agrario ten un peso moi importante, debería ter unha posición de defensa dos intereses dos nosos agricultores/as e gandeiros/as de cara a que estes poidan ter as mesmas oportunidades de competencia cos vecíños europeos, posto que a igual producción se existen produtores más primados por este tipo de axudas que outros, estes terán maior posibilidade de competir vía prezo de venta do produto.

Ata o momento celebráronse dúas sectoriais dos responsables de agricultura e medio rural das distintas comunidades autónomas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medioambiente de cara elaborar a normativa reguladora da PAC para os vindeiros 7 anos. A primeira o 24 de xullo do ano 2013 e por último a celebrada os días 20 e 21 de xaneiro de 2014.

Galicia, a través da Conselleira do Medio Rural e do Mar, acudiu as dúas reunións sen unha posición de defensa clara e sen uns obxectivos mínimos a acadar en dita negociación. Rexeitou un acordo co sector, e tamén un acordo cos grupos políticos no marco parlamentario. Unha das poucas comunidades autónomas, e a única onde o peso destas axudas é significativo, que non levaba detrás da conselleirado correspondente unha posición común do seu parlamento autonómico de respaldo para abordar a negociación.

O PSdeG-PSOE, ofertou e segue ofertando ese acordo que baixo o noso punto de vista nos parece fundamental de cara a ter unhas mínimas garantías de éxito no proceso negociador. E neste sentido seguirá intentando, no ámbito parlamentario a través de iniciativas, acadalo.

Un acordo que defende a singularidade das producións galegas, e do modelo de producción que se da no noso país. Que corixa a marxinación que os nosos produtores/as teñen a día de hoxe na percepción destas axudas por estar baseadas en dereitos históricos que non se adaptan a nosa realidade actual.

Galicia polo tanto tanto tiña e debería seguir tendo moitos argumentos para poder mellorar as percepcións que había en períodos anteriores, por iso resulta inaudito e de todos xeitos incomprensible que a Xunta de Galicia aborde esta negociación coa única expectativa de "non perder demasiado".

Hai outras comunidades que foron as sectoriais con unhas demandas claras, concretas, argumentadas e cuantificadas dos fondos que eslxían. e polo resultado das dúas primeiras reunións vemos que é bastante máis efectivo que a estratexia levada a cabo pola Consellería de Medio Rural.

De non acadar unha PAC que verdadeiramente chegue aos produtores e a aqueles que xeran emprego no noso mundo rural, estaremos desperdiçando unha ocasión única de dar viabilidade a miles de explotacións, e tamén en certo sentido estaremos deslexitimando socialmente estas axudas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Silleda, dado a importancia que o sector agrario representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que na normativa para a aplicación da Reforma da PAC para o período 2014-2020 no que se refire ás axudas directas aos produtores (1º piar), se recolla:

1. Unha normativa que teña en conta as especias características das producións galegas, con un déficit histórico de percepción de axudas, e con moi pouca base territorial e poucas hectáreas declaradas. Para o cal se estableza un pago por hectárea que sexa proporcionalmente regresivo, de tal forma que perciban máis axuda as primeiras 24 hectáreas declaradas.
2. Que se precise a definición de agricultor activo a efectos de condicionar os requisitos de acceso ás axudas, de xeito que se garantan a percepción de axudas a ocupados realmente na actividade agraria. Cando menos que a percepción de ingresos de agricultura ou gandería represente o 25% dos ingresos totais.
3. Que se estableza un tope maxirno na percepción das axudas da PAC por explotación, que ningunha explotación poida cobrar máis de 150.000 euros.
4. Que se estableza un acoutamento na definición de hectárea admisible con un criterio de corte produtivo real, baseado nas medias estandarizadas de producción.

5. Que os sectores gandeiros, palas especiais características que teñen de moi escasa base territorial, teñan un tratamento singularizado a través das axudas acopladas.
6. Que a definición dos activos agrarios, os preceptores dos pagos, vaian dirixidos á persoas físicas ou xurídicas cuxa renda se derive nun 50% da agricultura ou gandaría e que o 50% do seu tempo laboral sexa dedicado a esta actividade.
7. Que as axudas da PAC que perciban @s labregr@s Galeg@s representen, cando menos, as procentaxes correspondentes ao 6% do Producto Interior Bruto ou o 8% do emprego agrario que Galiza significa a nivel do Estado.”

3.6.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE CONTRA A RETIRADA DA TARXETA SANITARIA Á CIDADANÍA QUE PERMANECE FORA DE ESPAÑA MÁIS DE 90 DÍAS.

Intervén a Sra. Peón Iglesias quen dí que as persoas que saian de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou adquirir formación, perderan o dereito á tarxeta sanitaria, pero non só eles senón o cónxuge e os fillos, que a forma de facelo foi pola porta de atrás e que hai comunidades autónomas como Andalucía que van a ir en contra. Proce á lectura da parte dispositiva da moción que é a seguinte:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Silleda, a través do seu portavoz, Klaus Brey Montaña, de conformidade co dispuesto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente **MOCIÓN, EN CONTRA DA RETIRADA DA TARXETA SANITARIA A CIDADADANIA QUE PERMANECE FORA DE ESPAÑA MÁIS DE 90 DÍAS**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo, en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata a chegada do PP ao Goberno de España, fai pouco máis de dous anos, a Sanidade, era un servizo público de calidade e universal, que atendía a toda a poboación, sen discriminación de renda nin de grupo social.

Un Sistema Nacional de Saúde, construído durante décadas co esforzo do conxunto da ciudadanía, que transformou a sanidade nun dereito compartido e nun principio de xustiza e cohesión social, protexido pola Constitución Española, e que dende fai moitos anos deixou de estar vinculado ao feito de cotizar á seguridade social.

Así, no dereito cidadá á saúde, reside a lexitimidade social do fincamento público a través de impostos (IRPF, IVA, impostos especiais) que permite redistribuír a riqueza da sociedade para evitar, que diversas razóns socioeconómicas impidan a atención sanitaria das persoas.

O Sr. Rajoy, que na campaña electoral afirmou que non tocaría a sanidade, está decidido a mudar o modelo sanitario actual, solidario e redistributivo, por un modelo de aseguramento privado, só accesible a quen o poida pagar, convertendo, deste

xeito, á sanidade nun nicho de negocio das multinacionais e reducindo cada vez máis o financiamento do sistema público que deixa de ser para todos e todas, e se vai convertendo nun sistema para persoas sen recursos.

O Grupo Municipal Socialista rexeita o rumbo da política sanitaria do PP e o modelo onde nos quere levar, coa súa fórmula ao Lehman Brothers, que trocaría o noso Sistema Nacional de Saúde polo sistema norteamericano, onde máis de 50 millóns de persoas carecen dodereito a atención sanitaria e outras tantas teñen unhas prestación sanitarias moi limitadas.

Nós, os socialistas, defendemos unha sanidade como a nosa, universal e pública, pois un servizo para pobres será sempre un "pobre servizo" e suporía volver ao modelo de beneficencia con poucas prestacións, escasos medios materiais e humanos e de baixa calidade para a maioría da poboación.

Defendemos tamén a eficiencia e eficacia do actual Sistema de saúde pois representa un custe de 1.400€ por persoa, dúas veces menor que en Francia ou Alemaña e tres veces menor que en EEUU, e non nos resignamos, nin imos estar quedos, vendo como se debilita e como se elimina o dereito á saúde.

Defenderemos con tódolos medios ao noso alcance o que nos pertence a todos e a todas, e o faremos por compromiso cos dereitos do conxunto da cidadanía e por responsabilidade coas vindeiras xeracións.

Por iso queremos denunciar coa máxima contundencia, unha nova e terrible agresión ao dereito á saúde da cidadanía española, sen precedentes polo seu calado e pola súa transcendencia.

O Goberno, acaba de deixar sen tarxeta sanitaria a quien pase tres meses fora, sen cotizar en España. E o fixo pola porta de atrás, a escondidas, sen debate nin publicidade, enganando á cidadanía, e incorporando esta normativa pola vía de emendas á Lei 22/2013 de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2014, que se aprobou no Congreso cos votos favorables do Partido Popular, e que foron publicadas no BOE o pasado 26 de decembro.

Unha delas é a Disposición adicional sesaxésima quinta, do Texto Refundido da "Ley General de la Seguridad Social", que limita a asistencia sanitaria ás persoas españolas que saian ao estranxeiro durante máis de 90 días e estean en situación de desemprego, que dí: "a efectos del mantenimiento del derecho de las prestaciones de la Seguridad Social, incluído los complementos mínimos [...] se exigirá la residencia en territorio español", algo que se perderá automaticamente cande a persoa estea máis de 90 días fora de territorio español ao longo dun ano natural.

Outra é a Disposición final décimo primeira, que modifica a letra d) do apartado 2 do artigo 3 da mal chamada "Ley de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud", xa de por si perversa e restritiva do dereito á saúde. Esta Disposición introduce un novo requisito para ter dereito á asistencia sanitaria, o de residir en España.

Así, dende o 1 de xaneiro, e en base a ambas disposicións legais, que vinculan o dereito a atención sanitaria ao feito de residir en España, as persoas de nacionalidade española en situación de desemprego e que teñan esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego, que saian de España por tempo superior a 90 días, incluso para buscar traballo ou adquirir formación, perderan este dereito.

Tamén se verán privados de asistencia os cónxuxes e fillos das persoas nesta situación, que non sexan titulares do dereito, senón únicamente beneficiarios.

Esta decisión do Goberno central de excluír da atención sanitaria pública a cidadáns que pasan 90 días fora de España en busca de emprego ou para a súa formación, afectará a decenas de milleiros de emigrantes.

Un cambio normativo inxusto e innecesario, que volve a golpear aos mais febles, pois ao drama de verse obrigados a saír ao estranxeiro na busca de emprego e de estar na incerteza laboral, engádese o castigo de quedarse ao rnarxe da asistencia sanitaria gratuíta, cando decidan regresar a España.

Así vemos que o PP incluso se atreve a reducir as prerrogativas de cidadanía e nacionalidade a un grupo importante de poboación, nomeadamente a xente moza, abandonándooas a súa sorte e expulsándooas do país, sen ningunha contemplación, desprezando o que é o principal recurso dun Estado, que é a súa poboación.

Esta decisión está sendo criticada tamén, palas organizacións mozas, que denuncian a actitude ruín do Goberno, cualificando a medida como discriminatoria dada a elevada cifra de desemprego xuvenil, e sinalan que o Sr. Rajoy non só permanece impasible ante o desemprego da xente moza, senón que ataca brutalmente os que buscan alternativas.

Con, esta nova medida, os mozos e mozas emigrantes que regresen a España atoparanse cunha situación de profundo desamparo, véndose privados dundereito fundamental como é o da sanidade.

Creemos necesario lembrarlle ao Sr. Rajoy que a mocidade non está a emigrar por ese impulso aventureiro ao que facía referencia a Secretaria Xeral de Inmigración e Emigración, senón porque o goberno non Iles ofrece alternativas para desenvolver unha vida digna aquí. Agora, o seu futuro complicarase áinda máis despois da súa exclusión do sistema sanitario.

Por tanto, estase a condenar aos nosos mozos e mozas ao exilio, desprezando á xeración mellor preparada da historia do noso país.

Os Gobernos Autonómicos de Andalucía e Asturias, conscientes da gravidade do problema xa adoptaron medidas a fin de evitar os efectos perniciosos que sobre os nosos mozos e mozas, e persoas desempregadas teñen as citadas normas do Goberno do Partido Popular.

É por iso que o Grupo Municipal Socialista, presenta esta **MOCIÓN** diante do Pleno desta Corporación para que se tomen os seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Silleda insta ao Goberno de España e a Xunta de Galicia a que derogue as disposicións legais que impidan a recuperación da prestación de servizos sanitarios as persoas españolas emigrantes no estranxeiro, como consecuencia de permanecer fora de España máis de noventa días na busca de emprego ou de formación.
2. Que en tanto no sexan derogadas polo Goberno de España as disposicións referidas, o Goberno da Xunta de Galicia non proceda a retirar dita tarxeta sanitaria.
3. O Pleno do Concello de Silleda insta aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia ao recoñecemento da universalidade do acceso a atención sanitaria pública e gratuíta.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que esta é unha manipulación do PSOE, que todos saemos que os españois temos asistencia sanitaria e que cando voltan están como o 1º día.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que se está a comerciar coa saúde das persoas e que non se poden facer recurtes en seguridade social ou educación e financiar aos bancos e que o se tenta conseguir é potenciar os seguros privados.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a única tranquilidade que tiña a xente con menos recurso era a sanidade e que non sabe a onde imos ir a parar.

Sometida a moción obtense o seguinte resultado:

Votos a favor (7): Membros do PSdeG-PSOE e grupo mixto
Votos en contra (6): Membros do grupo municipal do PP

En consecuencia queda aprobada a moción do PSdeG-PSOE contra a retirada da tarxeta sanitaria á cidadanía que permanece fora de España máis de 90 días nos termos en que foi presentada.

4º.- DAR CONTA DOS INFORMES SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Dase conta dos informes presentados quedando o pleno enterado. O contados dos informes é o seguinte:

INFORME DE INTERVENCION

Isabel María Pernas Sánchez, funcionaria de carrera de la Administración Local con habilitación estatal, subescala de Intervención Tesorería , categoría entrada, que desempeña el puesto de Interventora del ayuntamiento de Silleda, en el ejercicio de las funciones contempladas en el artículo 214 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de las Haciendas Locales, y artículo 4 del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, **informa**:

LEGISLACIÓN APLICABLE.-

- * Lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- * Real Decreto Legislativo 3/2011, del 14 de noviembre, por la que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

INFORME SEGUNDO TRIMESTRE 2013:

PRIMERO: CREACION DEL REGISTRO DE FACTURAS. Ámbito objetivo y subjetivo

La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, (BOE 06-07-2010), en su artículo quinto:

- "1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.
2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica."

Esta Intervención tiene competencias contables en el ámbito del propio Ayuntamiento de Silleda.

SEGUNDO: ANEXO AL INFORME TRIMESTRAL

Como mecanismo de transparencia en el cumplimiento de dichas obligaciones de plazos de pago, la mencionada Ley establece que se rindan informes periódicos. En cuanto a esta Intervención concierne, el artículo quinto de la misma, en su apartado 4, establece:

“La Intervención u órgano de la Entidad Local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el ejercicio anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el Registro de Intervención y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la sesión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación.”

Esta relación de facturas, por lo tanto, se confecciona en virtud de la obligación personal establecida en el artículo 4º.3 de la Ley 15/2010, anteriormente citado. Habiéndose producido la entrada en vigor de esta norma el día 07-07-2010, al día siguiente de su publicación en el BOE, por así establecerlo la Disposición Final única, y siendo la obligación de información de naturaleza trimestral, ha de entenderse que debe de rendirse la misma al concluir cada trimestre natural, en los meses de abril, julio, octubre y enero.

La fecha de inicio será o el 7/7/2010 o en su caso una fecha posterior si no existen deudas de obligaciones hasta la fecha que se tome como inicio para poder hacer el filtro correcto sin omitir ninguna de ellas.

Se incluyen como anexo al el presente informe las facturas que han tenido entrada en el Registro de la Corporación desde el 07/07/2010, fecha de entrada en vigor de la Ley 15/2010 hasta el 30 de junio de 2013, sin que se haya tramitado el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación.

TERCERO: ENTRADA EN VIGOR

Será de aplicación a todos los contratos celebrados con posterioridad a su entrada en vigor, es decir al 7 de julio de 2010 incluidos aquellos gastos que sean de trámite sucesivo y contratos de adhesión (suministro de teléfono, etc.) que no se imputan a una operación AD.

No se aplicará a aquellas facturas referidas a operaciones ADs contabilizadas con carácter previo al 7 de julio.

CUARTO

De la consulta del Registro de Facturas y de la contabilidad resultan los datos que se incorporan en el listado anexo a este informe.^º

-Justificada ausencia de tramitación

QUINTO: REMISION

Se remite copia del presente relación de facturas, en virtud de lo dispuesto en el artículo cuarto.4 de la Ley 15/2010, a la Tesorería de la Entidad Local para su incorporación al informe trimestral y, en todo caso, su remisión a la Dirección General de Coordinación Financiera con las CCAA y con las EELL, como órgano competente del Ministerio de Economía y Hacienda.

INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO.- Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Silleda..Relación trimestral de pagamentos nos que se está a incumplir o prazo de pago marcado pola Lei 15/2010, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. **Terceiro trimestre ano 2013.**

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- * Lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- * Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

INFORME.-

De conformidade co estipulado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emito o seguinte informe,

Primeiro.- Ámbito de aplicación

De acordo co disposto no artigo 1.2 da Lei 15/10 , o disposto neste informe é de aplicación a tódolos pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais entre empresas e o Concello de Silleda.

Segundo.- Plazos de pago

O artigo 216.4 Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público dispón o seguinte:

La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá

de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

Terceiro.- De acordo co artigo 4.3 da Lei 15/10 : "Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

Cuarto.- Unha vez consultada a contabilidade municipal , as facturas que se atopan como pendentes de pago e nas que se está a incumplir o plazo de pago previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, así como as obrigas xa pagadas, pero nas que se incumpriu o plazo de pagamento establecido legalmente, aparecen incluidas nos listados que se adxuntan ó presente informe:

Quinto.- Sin perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello, este informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira da entidade local de acordo co 4.4 da Lei 15/2010.

INFORME DE TESOURERÍA

ASUNTO.- Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Silleda..Relación trimestral de pagamentos nos que se está a incumplir o plazo de pago marcado pola Lei 15/2010, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. **Segundo trimestre ano 2013.**

LEXISLACIÓN APPLICABLE.-

* Lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

* Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

INFORME.-

De conformidade co estipulado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emito o seguinte informe.

Primeiro.- Ámbito de aplicación.

De acordo co disposto no artigo 1.2 da Lei 15/10, o disposto neste informe é de aplicación a tódolos pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais entre provedores e o Concello de Silleda.

Segundo.- Prazos de pago.

Á vista do artigo 216.4 do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, na redacción dada polo número un da Disposición final sexta do R.Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego: *"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono."

Terceiro.- De acordo co artigo 4.3 da Lei 15/10 :*"Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo."*

Cuarto.-Unha vez consultada a contabilidade municipal , as facturas que se atopan como pendentes de pago e nas que se está a incumprir o plazo de pago previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, así como as obrigas xa pagadas, pero nas que se incumpriu o prazo de pagamento establecido legalmente,son as que aparecen incluidas nos listados que se adxuntan ó presente informe.

Quinto.-Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello, este informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de

Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira da entidade local de acordo co 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

INFORME DE INTERVENCION

Isabel María Pernas Sánchez, funcionaria de carrera de la Administración Local con habilitación estatal, subescala de Intervención Tesorería , categoría entrada, que desempeña el puesto de Interventora del ayuntamiento de Silleda, en el ejercicio de las funciones contempladas en el artículo 214 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de las Haciendas Locales, y artículo 4 del Real Decreto 1174/1987, de 18 de septiembre, por el que se regula el régimen jurídico de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, **informa**:

LEGISLACIÓN APLICABLE.-

- * Lei 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.
- * Real Decreto Legislativo 3/2011, del 14 de noviembre, por la que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

INFORME 3º TRIMESTRE 2013:

PRIMERO: CREACION DEL REGISTRO DE FACTURAS. Ámbito objetivo y subjetivo

La Ley 15/2010 de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, (BOE 06-07-2010), en su artículo quinto:

- "1. La Entidad Local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.
2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica."

Esta Intervención tiene competencias contables en el ámbito del propio Ayuntamiento de Silleda.

SEGUNDO: ANEXO AL INFORME TRIMESTRAL

Como mecanismo de transparencia en el cumplimiento de dichas obligaciones de plazos de pago, la mencionada Ley establece que se rindan informes periódicos. En cuanto a esta Intervención concierne, el artículo quinto de la misma, en su apartado 4, establece:

"La Intervención u órgano de la Entidad Local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el ejercicio anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el Registro de Intervención y no se

hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos.

El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la sesión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación."

Esta relación de facturas, por lo tanto, se confecciona en virtud de la obligación personal establecida en el artículo 4º.3 de la Ley 15/2010, anteriormente citado.

Habiéndose producido la entrada en vigor de esta norma el día 07-07-2010, al día siguiente de su publicación en el BOE, por así establecerlo la Disposición Final única, y siendo la obligación de información de naturaleza trimestral, ha de entenderse que debe de rendirse la misma al concluir cada trimestre natural, en los meses de abril, julio, octubre y enero.

La fecha de inicio será o el 7/7/2010 o en su caso una fecha posterior si no existen deudas de obligaciones hasta la fecha que se tome como inicio para poder hacer el filtro correcto sin omitir ninguna de ellas.

Se incluyen como anexo al el presente informe las facturas que han tenido entrada en el Registro de la Corporación desde el 07/07/2010, fecha de entrada en vigor de la Ley 15/2010 hasta el 30 desepetiembre de 2013, sin que se haya tramitado el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación.

TERCERO: ENTRADA EN VIGOR

Será de aplicación a todos los contratos celebrados con posterioridad a su entrada en vigor, es decir al 7 de julio de 2010 incluidos aquellos gastos que sean de trato sucesivo y contratos de adhesión (suministro de teléfono, etc.) que no se imputan a una operación AD.

No se aplicará a aquellas facturas referidas a operaciones ADs contabilizadas con carácter previo al 7 de julio.

CUARTO

De la consulta del Registro de Facturas y de la contabilidad resultan los datos que se incorporan en el listado anexo a este informe.^º

-Justificada ausencia de tramitación

QUINTO: REMISION

Se remite copia del presente relación de facturas, en virtud de lo dispuesto en el artículo cuarto.4 de la Ley 15/2010, a la Tesorería de la Entidad Local para su incorporación al informe trimestral y, en todo caso, su remisión a la Dirección General de Coordinación Financiera con las CCAA y con las EELL, como órgano competente del Ministerio de Economía y Hacienda.

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2013.

O pleno dase por enterado

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PP

Intervén o Sr. Espiño Espantoso

ROGOS

Que se prendan algunas luces na recta de Lamela. Dí o Alcalde que esa infraestrutura non se pode poñer en funcionamento porque roubaron o cableado e que é competencia de fomento.

Se se vai a facer algunha actuación no rego da carballeira de Moalde. Dí o Alcalde que se fará cando se poida

No polígono na rotonda de entrada existe un bache. Dí o Alcalde que hai un requerimento de 5 días para arranxar iso.

Neste rogo intervén o Sr. Asorey Suárez, dí que á altura do bar A Pedra as farolas están descompensadas e que a que está más próxima apágana á 1:00. Contesta o Alcalde que as farolas están distribuidas con criterios técnicos e que o dono lo local falou con él cando era concelleiro de obras, que en todo caso vai falar con Fondevila.

Preguntas:

Pregunta sobre Carboeiro. Dí o Alcalde que seguirán traballando para darrle luz a Carboeiro e que esta semana estiveron os de rede eléctrica.

Ten previsto adherirse ao plan da deputación para o cambio de caldeira polas de biomasa? Resposta o Alcalde que a XGL non a adhesión ao plan senón a comunicación do interese a adherirse e o concelleiro Sr. Rodríguez Vázquez foi a unha xuntanza.

Adhesión ao plan de unificar os recibos do ORAL ou se se vai estudar dita posibilidade? Dí o Alcalde que entende que é un servizo máis que vai prestar o ORAL.

Ten previsto reunirse con nos en relación co conflicto coa Semana Verde? Dí o Alcalde que sí, que a xuntanza do outro día foi técnica e que quedaron estes de facer unha proposta.

Vai haber xuntanza cos pais dos alumnos da escola de música e se vai a asistir laguen do concello? Dí o Alcalde que sabe que se vai a celebrar porque o veu nos medios.

Existe unha renuncia á axuda do AGADER, ¿Tense previsto continuar? Dí o Alcalde que había unha previsión feita, que só daban 100.000,00 euros pero a condición de que a residencia estivera en funcionamento en 2 anos, algo imposible.

Pregunta sobre a adhesión ou servizo de recollida de lixo que vai xestionar a deputación. Contesta o Alcalde que na deputación nin sequeral le pudieron dicir en que data vai a escomenzar o servizo.

Pregunta que cando se debatiu a taxa polo servizo de recollida do lixo quedouse de comentar a bonificación do 5% para aqueles que domiciliasen os recibos e se fixo algunha xestión perante o ORAL. Dí o Alcalde que están pendentes de falar co ORAL, e que concretarán unha visita para tratar ese tema.

Pregunta sobre a escola de fútbol xa que nunca xunta de goberno local solicitouse que se inscribise no rexistro de asociación co cal reitera se é municipal ou non. Contesta o Sr. Brey Montaña quen dí que é unha asociación privada e que ten unha directiva que é un clube como o Bandeira por dar un exemplo.

BNG

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre

Pregunta porqué non se avisou da xuntanza á mesa da auga que tiveron o outro día á asociación ECOS, Musiquiños ou ás ANPA. Contesta a Sra. Peón Iglesias quen dí que persoalmente pediu desculpas a ECOS, que foi un erro no tocante a ANPAS e Musiquiños dí que non figuraban nas actas anteriores. Dí o Alcalde que non hai inconveniente para convocalos para a vindeira vez.

Pregunta porqué non se avisa de todas as presenzas das autoridades cando veñen de visita ao concello. Dí o Alcalde que toma nota, que ás veces avisan o día anterior e non da tempo.

Que previsión de pagos hai para os colectivos culturais e deportivos. Dí o Alcalde que se pagará mañá.

Pregunta se existe solicitude para utilizar o campo de fútbol. Contesta o Sr. Brey Montaña quen dí que teñen preferencia os clubes de alí, que non hai problemas agás cando hai moita choiva e que os clubes Lamela e Laro non se poden negar a que se utilicen.

Pregunta se o proxecto de humanización de A Bandeira está rematado. Dí que é o que veu a visitar a autoridade onte, que hai outro proxecto que está adjudicado e pendiente de resolver por posible baixa temeraria.

Pregunta porqué se entregan todas as actas da XGL xuntas? O alcalde dálle a palabra ao secretario quen dí que porque non deu a instrucción ao auxiliar de secretaría ata u otro día.

O Sr. Rodríguez da Torre á vista da resposta formula un rogo de que se envían cando se teñan.

Pregunta polo expediente de prescripción de obrigas de exercizos pechados e que a xente non se enterou. Dí o Alcalde que decidiuse a instancia do servizo de intervención, que foi publicado no BOP e no taboleiro de anuncios.

Pregunta sobre o proxecto de iluminación de Carboeiro e se está cuantificado.

Pregunta sobre a operación de tesourería e se houbo negociación. Dí a interventora que se lle pediron ofertas ás entidades que teñen abertas oficiñas no concello.

¿Píntese satisfeito o goberno coa aportación que realiza á mancomunidade do Deza? Dí o Alcalde que vai haber un pleno os próximos días.

Quería saber se o Alcalde se reuniu cos veciños das parroquias que se seguen queixando polas farolas. Dí o Alcalde que xa o fixeron antes.

ROGO

Dí que lle poñan Da Torre en non De la Torre

Por último dí que hai un decreto que avoca Paula Fernández Pena e que resolve o Alcalde.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as vintedúas horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

Vº, e Prace
O ALCALDE



O SECRETARIO,

